

## **CARMEN MENUÍÑA FERRADÁS.**

Asimesmo, gustaríanos facer un agradecemento especial a Carmen Menduiña Ferradás (máis coñecida en Beluso como *Carminiña de Bastián*).

Nacida na nosa parroquia en 1946, Carmen é un claro exemplo dos grandes artistas que pasan practicamente inadvertidos no seu entorno máis inmediato, e que sen embargo se lles recoñece todo o seu traballo e valor artístico noutros lugares.

Iníciase no arte da talla escultórica cara 1988 (influenciada polo seu pai

*Festa dos Mozos 1999*

carpinteiro), para máis tarde dar o salto a técnica do grabado e formando parte do Grupo Taller Abracadabra (Vigo): grupo ao aínda hoxe pertence e co que colabora nas continuas exposicións que organiza. Dentro do grabado, Carmen Menduiña inclínase polas técnicas de linoleografía e xilografía: traballos que se realizan sobre un debuxo reducido sobre linóleo (superficie manexable semellante ao plástico) e a madeira.

